



PLAN URBAN
FERROL

BASES E PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE ALUMNADO DA ACCIÓN FORMATIVA “ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO” NO MARCO DO PROGRAMA URBAN FERROL (INICIATIVA URBANA 2007-2013).

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases regulan o procedemento selectivo para cubrir 15 prazas na acción formativa “Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio” dirixida a persoas desempregadas residentes na Zona Urban (barrios de Canido, Ferrol Vello e A Magdalena), no marco do programa Urban Ferrol que está a executar o Concello de Ferrol co cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, Iniciativa Urbana 2007-2013.

SEGUNDA: CONTIDO DO CURSO

Os contidos da acción formativa “Atención sociosanitaria a persoas no domicilio” serán aqueles que permitan ao alumno/-a a posibilidade da obtención do Certificado de Profesionalidade.

O curso terá unha duración de 640 horas lectivas, das que 480 son de formación específica, 120 de formación profesional titorizada (prácticas non laborais en centros de traballo) e 40 de formación transversal complementaria, nas que se desenvolven os seguintes módulos formativos:

- Módulos de formación específica (480 horas):
 - ◆Hixiene e atención sanitaria domiciliaria (170 horas)
 - Características e necesidades de atención hixiénico-sanitaria das persoas dependentes (70 horas)
 - Administración de alimentos e tratamentos a persoas dependentes no domicilio (50 horas)
 - Mellora das capacidades físicas e primeiros auxilios para as persoas dependentes no domicilio (50 horas)
 - ◆Atención e apoio psicosocial domiciliario (210 horas)
 - Mantemento e rehabilitación psicosocial das persoas dependentes no domicilio (80 horas)
 - Apoio as xestións cotidianas das persoas dependentes (50 horas)
 - Interrelación, comunicación e observación coa persoa dependente e o seu contorno (80 horas)
 - ◆Apoio domiciliario e alimentación familiar (100 horas)



PLAN URBAN
FERROL

- Xestión, aprovisionamiento e cociña na unidade familiar de persoas dependentes (60 horas)
- Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas dependentes (40 horas)

- Módulo de prácticas profesionais non laborais de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (120 horas)

- Módulo de formación transversal-complementaria (40 horas):
 - ◆ Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (10 horas)
 - ◆ Novas tecnoloxías da información e comunicación (10 horas)
 - ◆ Coidado e respecto ao medio ambiente (5 horas)
 - ◆ Orientación laboral (10 horas)
 - ◆ Manipulador de alimentos (5 horas)

TERCEIRA: ASISTENCIA Á ACTIVIDADE E AVALIACIÓN

A acción formativa ten previsto comezar en outubro de 2009. O módulo de formación específica e o módulo de formación transversal levarase a cabo de luns a venres en horario de 8:30 a 14:30. O módulo de formación práctica (prácticas profesionais non laborais) poderá desenvolverse tanto en quenda de mañá como de tarde, adaptándose, en todo caso, aos horarios de traballo e turnos das empresas nas que se realicen as prácticas.

O lugar de celebración da acción formativa será na Aula de formación do Viveiro de empresas da Cámara de Comercio de Ferrol sita na rúa María, 158 baixo (Ferrol) e en empresas de prácticas profesionais.

As datas, horarios e lugar de celebración da acción formativa poderán estar suxeitos, en todo caso, a modificacións por parte dos técnicos da Oficina Urban.

É obrigatoria a asistencia con puntualidade a tódalas sesións dos cursos. As ausencias, xustificadas ou non, que superen o 15 por cento das horas lectivas implicarán a perda do dereito ao certificado acreditativo da participación no curso.

Unha vez finalizadas a totalidade das horas lectivas, os alumnos/-as avaliaranse atendendo aos seguintes criterios:

- Participación activa
- Asistencia e ausencias xustificadas que non excedan do máximo do 15 por cento das horas lectivas
- Avaliación formativa



PLAN URBAN
FERROL

CUARTA: SOLICITUDES E PRAZO

O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días naturais a partir da publicación do anuncio da acción formativa en prensa.

As solicitudes para participar no curso presentaranse na Oficina Urban (Rúa Real 194– Ferrol), en horario de 09 a 14 horas de luns a venres.

O formulario de solicitude é o que se engade como anexo das presentes bases e acompañarase da seguinte documentación:

- Solicitude (segundo modelo) debidamente cumprimentada.
- Copia do DNI.
- Volante de empadramento (o expide de forma gratuita a Oficina de Estatística do Concello de Ferrol).
- Copia da tarxeta de demanda de emprego.

QUINTA: SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Requisitos mínimos esixibles:

- Demandante de emprego
- Empadrado no Concello de Ferrol
- Tarxeta de residente no caso de extranxeiros/-as

Requisitos preferentes:

- Residente na Zona Urban (barrios de Canido, A Magdalena e Ferrol Vello)

Os/-as beneficiarios/-as seleccionaranse tendo en conta a documentación de entrega que se valorará conforme ao seguinte **baremo** (no suposto de que o número de persoas aspirantes sexa superior ao número de prazas ofertadas):

Total puntuación: 6 puntos

1. Desempregado:
 - a) 12 meses ou máis: 2 puntos
 - b) por cada mes desempregado si non é desempregado de longa duración: 0,15 puntos
2. Residente na Zona Urban (barrios de Canido, A Magdalena e Ferrol Vello): 3 puntos
3. Muller: 1 punto



PLAN URBAN
FERROL

4. En caso de acadar a mesma puntuación segundo os criterios anteriores, resolverase de acordo coa seguinte relación:
- a) segundo a residencia: darase prioridade aos candidatos/-as residentes na Zona Urban do Concello de Ferrol (barrios de Canido, A Magdalena e Ferrol Vello).
 - b) segundo á fecha de entrada da solicitude: darase prioridade aos candidatos/-as que primeiro entregaran a solicitude na Oficina Urban do Concello de Ferrol.

SEXTA: COMISIÓN DE SELECCIÓN

Á selección dos beneficiarios a realizan os técnicos da Oficina Urban do Concello de Ferrol

SÉTIMA: PROPOSTA DE SELECCIÓN

Publicarase na páxina web municipal (www.ferrol.es) e no taboleiro de anuncios da Oficina Urban (Rúa Real 194 - Ferrol), un listado co nome das persoas admitidas no curso.

Ferrol, ____de Setembro ____de 2009

Directora Programa Urban

Coordinadora Programa Urban

D^a Silvia Nieto Matamoros

D^a Marta M^a Morado Leira